



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 14 DE MARZO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 14 de marzi de 2016

HORA DE COMEZO: 20:37 h.

HORA DE REMATE: 21:20 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón e D. Heitor Mera Herbello.

SUPLENTES: D^a Tania Castro Paredes e D^a Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 29 DE FEBREIRO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 29 de febreiro de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

2.A.1) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINO PÚBLICO LOCAL

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a



Concello de Cangas

continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR P. S. S. (CAFETERÍA "PERLA NEGRA"), para a ocupación durante o verán de 52,00 m²., e durante o resto do ano 28,00 m²., con mesas e cadeiras a instalar na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 33-Cangas, enfrente do local sito no referido lugar. Non se autoriza a ocupación á beira do local.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR R. L. L. (BAR "KACTUS"), para a ocupación de 12,00 m²., durante o todo o ano, con mesas e cadeiras diante do local sito na Avda. Montero Ríos, nº 7-Cangas.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR P. B. M. (BAR "LA VERGA"), para a ocupación con mesas e cadeiras de 44,00 m²., na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 17-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR G. P. C. en representación de "GEMA PORTELA, S.L." (CAFETERÍA "QUE FOI?") para a ocupación con mesas e cadeiras de 48,00 m²., na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 4-Cangas, desde o 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M. L. R., en representación de "CONSERVAS ARTEMAR, S.L." (BAR "CONSERVAS ARTEMAR"), para a ocupación de 40,00 m²., con mesas e cadeiras ao lado da fachada do local sito en Praza do Eirado do Señal, nº 4-Cangas, durante o ano que andamos, debendo deixar libres as entradas de acceso ás vivendas colindantes.

CONDICIÓN

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.



Concello de Cangas

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2016, agás o indicado no acordo.

H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostelería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.

I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.

J) As causas de rebogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

L) Non no previsto no acto de autorización, rexeirá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

M) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha xoa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.



Concello de Cangas

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da Instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

2.B) SOLICITUDES VARIAS PARA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

2.B.1) SOLICITUDE DE L. S. D. A.

Visto o escrito presentado o día 29.02.2016 por L. S. D. A., no que solicita autorización municipal para a ocupación de vía pública coa instalación de un carrusel infantil e unha atracción infantil, cunhas medidas de 5x5 e 4x6 m., respectivamente, a situar na esplanada de Ojea, durante o período que vai do 18 ao 28 do mes que andamos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder autorización para a instalación na esplanada de Ojea, de un carrusel infantil e de unha atracción infantil, durante o período que vai do 18 ao 28 do mes que andamos.

SEGUNDO.- Deberá proceder ao aboamento previo das taxas correspondentes por ocupación de dominio público.

2.B.2) SOLICITUDE DE M^a. A. D. T.

Visto o escrito presentado o día 29.02.2016 por M^a. A. D. T., no que solicita autorización municipal para a ocupación de vía pública coa instalación de dúas atraccións infantís e un posto de venda de améndoas, a situar na Alameda Nova do Señal, durante o período que vai do 18 ao 27 do mes que andamos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder autorización para a instalación de dúas atraccións infantís e un posto de venda de améndoas, a situar na Alameda Nova do Señal, durante o período que vai do 18 ao 27 do mes que andamos.

SEGUNDO.- Deberá proceder ao aboamento previo das taxas correspondentes por ocupación de dominio público.

2.B.3) SOLICITUDE DE P. M. A.



Concello de Cangas

Examinado o escrito presentado o día 11.03.2016, por P. M. A., relativo á solicitude de autorización para a instalación temporal de caseta para venda de sandías e melóns en Rodeira, no período estival que vai do 1 de xuño ata o 31 de agosto do ano que andamos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, **conceder autorización ó Sr. M. A., para a instalación de caseta destinada á venda de sandías e melóns, durante o período que vai do 1 de xuño ó 31 de agosto de 2016, cunha ocupación de 12,00 m², no lugar de Rodeira que lle sinale a concelleira delegada de Servizos, condicionada a presente autorización a previo acordo de cambio de situación dos colectores do lixo, así como, á obtención de autorizacións preceptivas.**

A autorización da instalación deberá condicionarse ás seguintes:

CONDICIÓNS

- a) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación con caseta para venda de sandías e melóns en Rodeira. Prohíbese calquera outro destino.
- b) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pagamento da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.
- c) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.
- d) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo/s beneficiario/s da autorización.
- e) A aceptación polo/s beneficiario/s da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio de administracións públicas.
- f) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.
- g) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 31 de agosto de 2016.
- h) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.



Concello de Cangas

i) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para a tempada de verán do ano 2016.

j) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

k) No non previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio de administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 10 DE MARZO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.



Concello de Cangas

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.793.- A N. A. N., con enderezo en Baixada a Areamilla, nº 28-1º-Balea-Darbo, en solo urbano, regulado pola ordenanza do PEPRI, para en Praza do Arco, nº 4-Cangas, reformar a planta baixa en 9,10 m²., e o aproveitamento baixo cuberta en 63,60 m²., de conformidade co proxecto dos arquitectos R. O. S. e J. A. F. M. visado con data 10 de novembro de 2015 e



Concello de Cangas

que antes do comezo das obras presente o estudo de seguridade e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balconís ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

EXPEDIENTE Nº 22.950.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.253.- A A. R. F., outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES para o remate da obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3.A.2) LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 16.814.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR J. M. F. A.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 8 de marzo de 2016, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J. M. F. A., para vivenda sita en San Pedro-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal nº 16.810.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes



Concello de Cangas

licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 25.617.- A Mª. N. F. M., con enderezo en Canexa, nº 47-C-A Pedreira-Coiro, para construír un muro de 24,20 ml., no referido lugar, de conformidade co proxecto do técnico E. C. M., de agosto de 2015.

Aceptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro efectuada con data 25 de febreiro de 2016.

EXPEDIENTE Nº 25.738.- A GAS GALICIA SDG SA, con enderezo en Travesía de Vigo nº 204, para na rúa da Pedra da Lan, nº 7-Coiro, executar unha ampliación da rede de canalización de 157,32 metros, para gas natural, de conformidade coa documentación presentada, as condicións impostas pola Consellería de Cultura de data 3 de febreiro de 2016 e coas seguintes condicións:



Concello de Cangas

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de CATRO MIL CATROCENTOS SETENTA E UN EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (4.471,39 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.764.- A GAS GALICIA SDG SA, con enderezo en Travesía de Vigo nº 204, para en Miranda, nº 3-Coiro, executar unha ampliación da rede de canalización de 197,83 metros, para gas natural, de conformidade coa documentación presentada, as condicións impostas pola Consellería de Cultura de data 29 de febreiro de 2016, Deputación Provincial de data 5 de agosto de 2015 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.



Concello de Cangas

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten analizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de CINCO MIL NOVECIENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (5.939,18 €) para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.410.- COMUNIDADE PROPIETARIOS "DAVID CAL 8-10", saneamento de fachadas en edificio de vivendas en rúa David Cal, nº 8-10-Vilariño-O Hío.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 25.810.- A. M. H., cerramento en Pedrouzos- Menduíña-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.837.- E. T. O., obras de conservación e mantemento de edificación existente, na Avda. Félix Ozámiz, nº 45-3º dereita-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.846.- I. C. S., obras de conservación e mantemento de edificación existente na Avda. de Ourense, nº 82-3ºA-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.847.- IGLESPAN SL, acondicionamento local destinado a almacén na Avda. de Ourense, nº 95-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.860.- D. B. P., reposición de material de cubrición en vivenda, sito en rúa Cervantes, nº 10-Cangas.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.777/14.- Saori Tahaishi, local para interacción da cultura xaponesa na Avda. de Marín, nº 3-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.902/15.- M. P. N., cambio de titularidade de restaurante-bar na Avda. Méndez Núñez, nº 34-Cangas.

FACENDA

5º .- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

5.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
IMAXE URBÁ CANGAS, SL	AVAL	7.281,00 €	EXPEDIENTE Nº 21.599
UTE GESTIÓN CANGAS	AVAL	7.609,74 €	OBRAS URBANIZACIÓN RÚA ATRANCO
UTE GESTIÓN CANGAS	AVAL	2.200,40 €	OBRAS SANEAMENTO/ABASTECIMENTO COIRO



Concello de Cangas

6º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

6.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO Nº 31/2016 DE DATA 29/02/2016 DITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 311/2015

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 07.03.2016, referente ao Auto nº 31/2016 de data 29/02/2016, ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 311/2015, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO AUTO Nº 31/2016 DE DATA 29/02/2016 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 311/2015 (X-15/13)

Visto o recurso contencioso administrativo interposto por L. M. E. V., en representación da entidade 'SERVISUB BUEU SL', contra o Concello de Cangas reclamando a desestimación por silencio do seu escrito de reclamación de cantidade o Concello, tramitado como PO nº 311/2015 (Ref. municipal X-15/13).

Visto que o Concello de Cangas en data 18.02.2016 procedeu a dar conta ao Xulgado do aboamento das cantidades reclamadas interesando a terminación do procedemento por satisfacción en vía administrativa.

O Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra tras dar audiencia á parte demandante, que interesou a condena en custas, en data 29.02.2016 ditou o Auto nº 31/2016 que dispuxo:

'Acórdase declarar terminado o presente procedemento contencioso-administrativo, iniciado por recurso interposto por L. M. E. V., en representación da entidade 'SERVISUB Bueu SL, por recoñecemento extraprocesal da súa pretensión.

Non se fai condena en custas.'

O Auto non é firme cabendo a interposición de recurso de apelación no prazo de quince días desde a súa notificación, para ser resolto polo TSX Galicia.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Cangas

Primeiro.- Tomar coñecemento do Auto nº 31/2016 de data 29.02.2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra ditado na tramitación do procedemento ordinario nº 311/2015, instruído a instancia de L. M. E. V., en representación da entidade 'SERVISUB Bueu SL', polo que se declara terminado o procedemento.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Apoio Xurídico".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao Auto nº 31/2016 de data 29/02/2016, ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 311/2015.

6.B) DACIÓN DE CONTA DE RECURSO APELACIÓN Nº 4466/15 - DECRETO Nº 64/2016 DITADO POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO SECCIÓN 2

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento dos seguintes datos:

1.- PO 224/2013 - RECURSO APELACIÓN 4466/15 - DECRETO 64/2016 DITADO POLO T. S. X. GALICIA CON/AD SEC. 2

- A persoa recorrente: T. J. P.

- Asunto: denegación declaración de incursión en situación de fóra de ordenación.

- Contido: declara deserto o recurso de apelación interposto contra a sentenza nº 168/2015, de 28/07/2015, ditada no PO 224/2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.

* Impoñer as custas procesais á parte apelante, cun máximo de cincocentos euros (500,00 €) en canto a honorarios do letrado.

* Ordenar a devolución das actuacións recibidas ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra.

- Modo de impugnación: non cabe recurso, sentenza firme.



Concello de Cangas

6.C) DACIÓN DE CONTA DE RECURSO APELACIÓN Nº 4261/15 – SENTENZA Nº 806/2015 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO SECIÓN 2

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento dos seguintes datos:

1.- PO 454/2011 - RECURSO APELACIÓN 4261/15 - SENTENZA 806/2015 DITADA POLO T. S. X. GALICIA CON/AD SEC. 2

- A persoa recorrente: J. F. S. A.

- Contido: desestímase o recurso de apelación promovido pola representación legal de J. F. S. A., como a confirmación da Sentenza nº 31/15, de 23 de febreiro, pola que se desestimou o seu recurso contencioso-administrativo fronte ao Concello de Cangas contra a desestimación presunta, por silencio, da solicitude formulada por J. F. S. A. para que se tramitara un procedemento de revisión de oficio da licenza de obras concedida a J. V. P. en acordos de 08/06/20107 e 17/03/2010. A desestimación apelatoria non conleva a imposición das correspondentes custas procesais.

- Non cabe interpoñer recurso contra a presente sentenza. Sentenza firme.

6.D) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 15/2016 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA

Dase conta de Sentenza nº 15/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 291/2013, promovida por AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, SA; FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, SA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 15/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 291/2013, promovida por AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, SA; FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, SA.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.



Concello de Cangas

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA POLO CONCELLO DE CANGAS AOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS-2015

Dase conta de proposta referente a aprobación de conta xustificativa da axuda concedida polo Concello de Cangas aos servizos sociais comunitarios-2015, que di o seguinte:

"APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA AO CONCELLO DE CANGAS PARA OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS NO ANO 2015

Visto o informe do director do Centro Municipal de Benestar Social, referente á axuda concedida ao Concello de Cangas pola Consellería de Política Social para a prestación dos Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2015, de conformidade co seguinte desglose:

Plan concertado de Servizos Sociais: Total aportado

<i>Persoal de Servizos Sociais:</i>	<i>111.189,00</i>
<i>Axuda no Fogar (P. Básica)</i>	<i>3.235,87</i>
<i>Axuda no Fogar (dependencia)</i>	<i>226.942,79</i>

Vista a documentación que consta no expediente, propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- *Aprobar a conta xustificativa da axuda concedida para a prestación dos Servizos Sociais do ano 2015, polo importe de oitocentos oitenta e nove mil cento corenta e dous euros con sesenta e oito céntimos (889.142,68 €), segundo o seguinte desglose:*



Concello de Cangas

• <i>PERSOAL</i>	<i>342.697,46</i>
• <i>AXUDA NO FOGAR (prestación básica)</i>	<i>27.693,06</i>
• <i>AXUDA NO FOGAR (dependencia)</i>	<i>286.823,35</i>
• <i>XESTION DE PROGRAMAS</i>	<i>231.928,81</i>

Persoal: 342.697,46 € (salarios 9 persoas).

Gardería do Hío: 26.007,43€ (salario limpadora 1/2 xornada 10.438,19 e S.Social: 3.437,53).

Gardería Choupana: 23.559,25 € (salario limpadora 1/2 xornada 10.438,19 e S.Social: 3.437,53).

Centro sociocomunitario: 93.693,51€(salarios 2 persoas: 42.078,44 e S.Social: 13.315,07).

- *I. G. M.: salario bruto: 20.876,38. Seguridade Social: 6.875,08.*
- *A. P. C.: salario bruto: 20.2012,06. Seguridade Social 6.439,99.*

Aula Estimulación: 43.793,44 (salarios 3 persoas: 33.305,20. S. Social: 10.488,24).

- *L. F. F.: salario bruto: 10.163,88. Seguridade Social: 3.188,93.*
- *J. M. F.: salario bruto: 10.163,88. Seguridade Social: 3.188,93.*
- *F. S. O.: salario bruto: 10.163,88. Seguridade Social: 3.188,93.*
- *C. G. M.: salario bruto: 2.813,54. Seguridade Social: 921,43.*

Suma total: 529.751,09



Concello de Cangas

Relación de gastos xustificativos da prestación de servizos sociais 2015

Programa	Concepto	Empresa/persoal	Gasto
PERSOAL	<i>Gastos do persoal</i>	<i>E. G. G.</i>	<i>52.332,78</i>
	<i>Gastos de Persoal</i>	<i>E. S. P.</i>	<i>45.674,44</i>
	<i>Gastos de Persoal</i>	<i>I. C. G. P.</i>	<i>44.300,76</i>
	<i>Gastos de persoal</i>	<i>I. P. P.</i>	<i>39.072,04</i>
	<i>Gastos de persoal</i>	<i>R. C. A.</i>	<i>39.765,73</i>
	<i>Gastos de Persoal</i>	<i>M. R. C.</i>	<i>39.185,20</i>
	<i>Gastos de Persoal</i>	<i>E. B. P.</i>	<i>37.758,05</i>
	<i>Gastos de Persoal</i>	<i>R. L. D.</i>	<i>31.082,41</i>
	<i>Gastos de persoal</i>	<i>M. L. B.</i> <i>½ xornada</i>	<i>27.052,11</i> <i>Imputar ½</i> <i>13.526.05</i>
AXUDA NO FOGAR <i>(Prestación básica)</i>	<i>Servizo Axuda no fogar</i>		
AXUDA NO FOGAR <i>(Persoas valoradas dependentes)</i>	<i>Servizo Axuda no Fogar</i>		
XESTIÓN DE PROGRAMAS	<i>Cursos</i>		
	<i>Becas Escolares</i>		
	<i>Festa Maiores</i>		
	<i>Festa Maiores</i>		
	<i>Emerxencia Social</i>		
	<i>Xantar na Casa</i>		
	<i>Xornadas Interculturais</i>		



Concello de Cangas

Segundo.- *Facer constar que se cumpriu coa finalidade da axuda concedida e que todos os gastos que se xustifican se tomou razón na contabilidade”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA POLO CONCELLO DE CANGAS PARA REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE

Dase conta de proposta do día 10.03.2016 da Alcaldía, referente a aprobación de conta xustificativa da axuda concedida polo Concello de Cangas aos servizos sociais comunitarios-2015, que di o seguinte:

"PROPOSTA

De conformidade co informe da Intervención Municipal de data do 2 de marzo de 2016, propoño á Xunta de Goberno Local:

** Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida por importe total de douscentos trece mil cincocentos vinte e nove euros con cincuenta e un céntimos (213.529,51 €), como axuda económica pola súa adhesión ao convenio de colaboración asinado o 11 de decembro de 2015, entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde, polo importe total de trescentos vinte e sete mil novecientos corenta e cinco euros con sete céntimos (327.945,07 €), dos que un total de trescentos vinte e tres mil setecentos corenta e cinco euros con sete céntimos (323.745,07 €) corresponden a gastos de persoal”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

XUSTIFICACIÓN DE GASTO DOS CONCELLOS

Dna. M. J. P. B., con DNI número 35468934J, en calidade de interventora do Concello de Cangas (Pontevedra)

CERTIFICA: que os datos consignados a continuación son certos e que na contabilidade do concello están os documentos xustificativos deles, que quedan



Concello de Cangas

á disposición da Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e demais institucións contempladas na lexislación para calquera comprobación que se requira efectuar.

Que ao Concello de CANGAS concedéuselle unha subvención por importe total de 213.529,51 €, como axuda económica pola súa adhesión ao convenio de colaboración asinado o 11 de decembro de 2015 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de programas de atención e protección da saúde.

Que a finalidade da dita subvención, con respecto a este concello, é o desenvolvemento dos programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos, polo que se manifesta o seu cumprimento.

Que os gastos efectivamente pagados polo concello ocasionados pola realización dos Programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos dende 1 de xaneiro de 2015 ata o 31 de decembro de 2015, ascenden a un total de 327.945,07 €, dos que un total de 323.745,07€ corresponden a gastos de persoal.

Que os gastos que están contabilizados polo concello como recoñecemento de obriga ocasionados pola realización dos Programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos no mesmo período anteriormente indicado, ascenden a un total de 323.745,07 €.

Que a diferenza entre o gasto efectivamente pagado ou contabilizado como recoñecemento de obriga para o desenvolvemento dos Programas de asistencia a persoas con trastornos aditivos, e o gasto subvencionado pola Consellería foi financiado con FONDOS PROPIOS.

Que para esa mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada; polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través de este convenio.

Que os conceptos e importes incluídos no presente documento non se utilizaron como justificantes en ningunha outra subvención de ningunha entidade pública ou privada, nin da Xunta de Galicia.

E para que así conste, aos efectos da xustificación esixida na cláusula décimo primeira do convenio de colaboración mencionado, expido a presente certificación en Cangas, a dous de marzo de 2016.



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

9º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS S/SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA O EXERCICIO 2016

Dase conta de proposta do día 12.03.2016 do concelleiro de Servizos Sociais, referente a solicitude de axuda á Consellería de Traballo e Benestar para o cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais para o exercicio 2016, que di o seguinte:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA O COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA O EXERCICIO 2016

O Diario Oficial de Galicia nº 63 de data do 30 de marzo de 2012, publica o Decreto 99/2012 do 16 de marzo da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Política Social, a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal correspondente ao ano 2016, regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Que o importe total do financiamento solicitado, é de cincocentos corenta e catro mil trescentos cincuenta e cinco euros con vinte céntimos (544.355,20 €) co seguinte detalle:

- Persoal: 127.426,00 €.*
- Mantemento: 600,00 €.*
- Axuda no fogar.- Modalidade de prestación básica plan concertado: 1.700,00 €.*
- Axuda no fogar.- Modalidade persoas valoradas como dependentes: 56.429,20 €.*
- Xestión de programas: 148.200,000 €.*



Concello de Cangas

- *Investimento: 0 €.*

• *A aportación do Concello de Cangas será de catrocentos trinta e sete mil douscentos corenta e cinco euros con noventa e nove céntimos (437.245,99 €), o que supón unha porcentaxe do 44,54% sobre o orzamento total do proxecto.*

Segundo.- *Facer constar que o Concello de Cangas, para o exercicio 2015, ten consignada partida orzamentaria suficiente para o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de atención primaria.*

Terceiro.- *Declarar que para o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de atención primaria, non recibe ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.*

Cuarto.- *Declarar de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse, nas mesmas condicións que no ano anterior.*

Quinto.- *Dar conta deste acordo no vindeiro Pleno da Corporación Municipal que se realice.*

Sexto.- *Remitir o presente acordo á Consellería de Política Social, xunto coa documentación que menciona a orde de convocatoria".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar íntegramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Servizos Sociais, referente a solicitude de axuda á Consellería de Traballo e Benestar para o cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais para o exercicio 2016.

10º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O FUNCIONAMENTO DA AULA DE ESTIMULACIÓN-2015

Dase conta de proposta de alcaldía referente á aprobación de conta xustificativa da axuda concedida polo Concello de Cangas aos servizos sociais comunitarios-2015, que di o seguinte:

"Visto o informe do director do Centro Municipal de Benestar Social, referente á axuda concedida ao Concello de Cangas para funcionamento da Aula de Estimulaciónb, polo importe de 10.000,00 euros para o exercicio 2015.



Concello de Cangas

Vista a documentación que consta no expediente, que todos os datos que se xustifican están contabilizados e pagados, propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra para a Aula de Estimulación de nenos con dificultades, polo importe total de 43.793,44 euros.

Segundo.- Facer constar que se cumpriu coa finalidade da axuda concedida e que se tomou razón na contabilidade de todos os gastos que se xustifican."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

11º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓNS DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

11.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2016 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE

Dase conta de proposta de data 14.03.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a prórroga para o ano 2016 das licenzas municipais de venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2016 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE

1.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable as renovacións de 2016 (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé no seu artigo 16 que as autorizacións terán unha vixencia de un ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá dende o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- Por parte do Concello con motivo da apertura do período de renovación cara a 2016 os titulares de licenzas foron requiridos co fin de que, de ser do seu interese, no prazo indicado presentasen a solicitude de renovación para o ano 2016, con expresa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado entenderíase que renunciaban voluntariamente



Concello de Cangas

a renovación da autorización e polo tanto deberían deixar o posto libre por carecer de autorización para o exercicio da venda ambulante, sen prexuízo da liquidación das taxas polo período de ocupación efectiva do posto e da aplicación do réxime sancionados.

III.- As persoas que a seguir se relacionan presentaron no período citado as súas solicitudes de renovación, se ben sendo observadas deficiencias foron requiridas ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que no prazo de dez días subsanasen os defectos detectados advertíndolles que de non facelo teríaselles por desistidos da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, o que implicará a perda do posto.

IV.- Dentro do prazo outorgado estas emendaron satisfactoriamente os defectos detectados polo que cómpre adoptar o presente acordo que declara a renovación para o ano 2016 das autorizacións das que eran titulares.

V.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 15 do regulamento vixente.

*Á vista do anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte **ACORDO**:*

Primeiro.- Estimar a solicitude de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2016, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) por cumprir cos requisitos esixidos para a renovación a:

Ref: 77. I. N. M.

Ref: 89. E. C. G.

Ref: 149. G. G. G.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería, Estatística e Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a prórroga para o ano 2016 das licenzas municipais de venda ambulante.



Concello de Cangas

12º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/RENUNCIA DO POSTO Nº 11 DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL

Dase conta de proposta de data 10.03.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a renuncia do posto nº 11 da Praza de Abastos Municipal, que di o seguinte:

"Ref. V-16/003 Ap. Xco. Secretaría

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Por escrito con rexistro de entrada nº 3000 do 09/03/2016, M. G. P., DNI 78730215L, solicitou a baixa do posto de peixe nº 11 do Mercado Municipal de Abastos.

Co fin de comprobar que os bens obxecto de concesión se entregan en adecuado estado de conservación e uso de acordo co establecido no regulamento (artigo 36.5) e nas cláusulas de outorgamento da concesión foi requirido informe dos servizos eléctricos municipais resultando que este último emitiu un informe no día da data no que sinala que o sistema de frío da cámara frigorífica atópase en bo estado funcionando correctamente, observando tamén que as bisagras da porta atópanse algo deterioradas pola corrosión, así como a manilla de peche da porta está bastante deteriorada, polo demais todo correcto. Polo que procede requirir á interesada co fin de que arranxe as avarías sinaladas en bisagras e manilla.

Consultado o Departamento de Tesourería resulta que está pendente de aboamento o recibo correspondente ao mes actual polo que a baixa efectiva dependerá do aboamento deste.

Visto que efectivamente concorre a circunstancia alegada pola interesada no seu escrito e que esta figura entre as previstas no artigo 45 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16/08/2005) relativo as causas de finalización da concesión.

Visto o establecido no artigo 47 do citado regulamento que establece que á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares haberán de abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do concello, os bens obxecto de utilización.

En atención ao anteriormente exposto propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Cangas

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia formulada por M. G. P., á concesión sobre o posto de peixe nº 11 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial da que era titular, coa condición de que antes do remate do presente mes de marzo aboe o recibo correspondente ao presente mes de marzo de 2016 e que proceda ao arranxo das avarías de bisagras e manilla sinaladas no informe do técnico municipal, recordándolle que debe comunicar o cumprimento efectivo de ambas condicións e abandonar e deixar libre e baleiro, a disposición do Concello, os bens obxecto da concesión, advertíndolle que de non proceder a dar cumprimento a ambas condicións a baixa do posto non se fará efectiva.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, co fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ao conserxe da Praza."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a renuncia do posto nº 11 da Praza de Abastos Municipal.

MEDIO AMBIENTE E TURISMO

13º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E TURISMO S/SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA O APOIO Á PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO-2016

Dase conta de proposta do día 10.03.2016 da concelleira de Medio Ambiente e Turismo, referente a solicitude de axuda á Axencia de Turismo de Galicia para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico-2016, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 17.02.2016 DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN ÁS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA-2016

Publicada no DOG de data do 26 de febreiro de 2016 a Resolución da Axencia de Turismo de Galicia de data do 17 de febreiro de 2016, pola que se



Concello de Cangas

establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2014.

Reunindo o Concello os requisitos da Resolución e contando Cangas coa Resolución, de data do 10 de xuño de 2015, da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 9 de xuño de 2005, polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra a 'Festa das Danzas Antentráis de Cangas' e co obxecto de continuar na promoción e fomento das danzas, propónse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar unha axuda polo importe de catro mil cincocentos un euros con cincuenta e oito céntimos (4.501,58) euros, para información e promoción das Danzas Ancestrais (Danza de San Sebastián de Aldán o día 20 de xaneiro; Danza de San Roque do Hío, o día 16 de agosto; e a Danza e Contradanza de Darbo o día 8 de setembro).

Segundo.- Adoptar o compromiso do Concello de Cangas para o financiamento do importe do orzamento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.

Terceiro.- Certificar que o Concello de Cangas, con data do 08.10.2015 remitiu ao Consello de Contas de Galicia as contas do exercicio 2014 do Concello de Cangas e do seu Organismo Autónomo de Deportes."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Medio Ambiente e Turismo, referente a solicitude de axuda á Axencia de Turismo de Galicia para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico-2016.

14º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E A SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS PARA ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA E REFUXIO

Dase conta de sinatura o día 11 de xaneiro de 2016 de convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a Sociedade Protectora de Animais, para atención do centro de recollida e refuxio.



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 11 de xaneiro de 2016 de convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a Sociedade Protectora de Animais, para atención do centro de recollida e refuxio.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia aos departamentos de Intervención e Servizos.

CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

15º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA S/APROBACIÓN DE BASES PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DA CULTURA PARA O RECOÑECEMENTO PÚBLICO E INSTITUCIONAL

Dase conta de proposta do 09.03.2016 do concelleiro de Cultura, referente a aprobación de bases para a concesión de premios da Cultura para o recoñecemento público e institucional, que di o seguinte:

"D. Heitor Mera Herbello, concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Cangas

Propón:

Que a Xunta de Goberno Local adopte os seguintes acordos:

1.- Aprobación das bases dos premios da Cultura para o ano 2016 segundo o seguinte texto:

'PREMIOS DA CULTURA PARA O RECOÑECEMENTO PÚBLICO E INSTITUCIONAL

Co obxectivo de incentivar, cohesionar e ao mesmo tempo, recoñecer publicamente o labor de numerosas persoas e colectivos do noso municipio que desenvolven un traballo inxente a prol da nosa cultura, do noso atrimonio e da creación artística, en calquera das súas múltiples facetas, o Concello de Cangas creou institucionalmente os Premios de Honra; e no presente exercicio 2016 a Concellería de Cultura e Normalización Lingüística desenvolveos de acordo coas seguintes bases:

PREMIOS:

1.- PREMIOS "XOHAN DE CANGAS":



Concello de Cangas

1 1.A .- "PREMIO XOHAN DE CANGAS A LABOR CULTURAL" á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se veña significando polo seu traballo na defensa e promoción da nosa cultura en calquera dos seus eidos: música, baile, danza, audiovisuais, teatro, canto, animación sociocultural, tradición oral, cultura popular, etc.

2 1 B.- "PREMIO XOHAN DE CANGAS Á CREACIÓN ARTÍSTICA" á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se teña significado pola súa obra de creación en calquera das facetas.

2.- PREMIO "IGNACIO CERVIÑO Á RECUPERACIÓN/PROMOCIÓN DO PATRIMONIO"

Dirixido a todas ás persoas, colectivos ou entidades públicas ou privadas que se teñan distinguido por desenvolver iniciativas de investigación, recuperación, posta en valor, promoción... do noso oatrimonio histórico, artístico, documental, medioambiental ou arquitectónico.

Neste apartado poderán seren premiadas tamén obras concretas que vaian en consonancia co obxecto do premio.

BASES:

1.- Os premios consistirán nun recoñecemento oficial, non levando aparellada remuneración económica.

2.- Poderán presentar candidaturas todas as asociacións culturais, veciñais, artísticas e sociais do Municipio de Cangas, así como, todos os partidos políticos e grupos municipais da corporación canguesa, ata o 15 abril de 2016. As candidaturas debidamente motivadas presentaranse por escrito e asinadas polo promotor no Auditorio Municipal de Cangas, ou por correo electrónico: cultura@cangas.gal

3.- De entre todas as candidaturas, escollerá as gañadoras un xurado composto polos membros seguintes:

** O concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.*

** Tres persoas de recoñecido prestixio, que non sexan candidatas na mesma edición e preferentemente premiados/as anteriormente. Estas persoas serán nomeadas polo Sr. concelleiro de Cultura.*

** Os/as seguintes técnicos/as municipais:*



Concello de Cangas

- *Un/unha técnico/a da área de Mocidade.*
- *O/a director/a do Auditorio Municipal.*
- *O/A director/a do Conservatorio ou da Escola de Música.*
- *Un/unha técnico/a do Departamento de Cultura.*
- *Un/unha bibliotecario/a responsable da Biblioteca Central ou das parroquiais, escollido/a entre eles.*
- *Un/unha técnico/a responsable da área de Urbanismo.*

Entre todos os membros do xurado escollerán un/unha secretario/a que actuará con voz e con voto e que levantará acta dos acordos.

4.- Os galardóns entregaranse na "Festa da Cultura" que se celebrará no Auditorio Municipal o 17 de maio de 2016."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Cultura, referente a aprobación de bases para a concesión de premios da Cultura para o recoñecemento público e institucional.

16º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA S/CONCESIÓN DE PREMIOS DA CULTURA PARA O RECOÑECIMENTO PÚBLICO E INSTITUCIONAL

Este punto retírase da orde do día por estar incluído no punto anterior.

17º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA S/APROBACIÓN DE BASES DA BIENAL "ARTE NO MORRAZO"/XXII EDICIÓN CONCELLO DE CANGAS-FRIGORÍFICOS DEL MORRAZO

Este punto da orde do día queda pendente de mellor estudo.

18º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA S/CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN PREVIA Á DESAFECTACIÓN DE VIVENDAS DE MESTRES DO CEIP DE NAZARET

Dase conta de escrito de data 04.03.2016 (R.E. nº 2964 do 08.03.2016) do director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, referente ao expediente que remite a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra con data 05.02.2016, sobre a autorización previa á



Concello de Cangas

desafectación das vivendas do CEIP Nazaret e das vivendas do CEIP da Espiñeira-Aldán, no que se resolve o seguinte:

* Conceder a autorización previa á desafectación solicitada polo Concello de Cangas de tres vivendas do bloque 3 do CEIP Nazaret: baixo dereita, baixo esquerda e primeiro dereita. Non conceder a autorización previa á desafectación das vivendas do bloque 1 e 2, e da vivenda primeiro esquerda do bloque 3 do CEIP Nazaret, xa que o bloque 1 ten todas as vivendas ocupadas por mestres e no bloque 2, non se concede a autorización por estar ocupadas outras 3 vivendas no mesmo bloque.

* Non conceder a autorización previa á desafectación solicitada polo Concello de Cangas das vivendas do CEIP da Espiñeira-Aldán, porque as vivendas están situadas dentro do recinto escolar, que permanece pechado fora do horario escolar, polo que non é aconsellable destinar a vivenda a persoas alleas ao centro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, toma coñecemento do escrito de referencia.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SERVIZOS S/SINALIZACIÓN DA ZONA DO CONTORNO DE DONÓN E MELIDE

Dase conta de proposta da concelleira de Servizos, referente a informe de sinalización da Caracola de Donón que emite en data 16.03.2016 a Policía Local e que é como segue:

"Nº REX: 465/16

ASUNTO: SINALIZACIÓN DA ZONA DA CARACOLA DE DONÓN

O departamento de sinalización da Policía Local por medio do presente, informan:



Concello de Cangas

Que tras facer un estudo do lugar procédese a sinalizar a zona da Caracola en Donón, ao tratarse dun lugar con moita afluencia turística, por tal motivo prodúcense problemas de circulación.

Que se procede a sinalizar a zona en sentido único de subida, utilizando a seguinte sinalización vertical: dúas direccións prohibidas, unha dirección obrigatoria, dúas de sentido único, unha de prohibido cambio de sentido e outra informativa co texto de todas direccións.

Achégase deseño do lugar e sinalización."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a sinalización referida anteriormente.

B) ESCRITO DA ASOCIACIÓN ECUESTRE CABALEIROS DO MORRAZO

Dase conta de escrito presentado en data 03.03.2016 pola Asociación Ecuestre Cabaleiros do Morrazo, na que indican o seguinte:

"Está na nosa intención realizar unha foliada popular amenizada por varios grupos de música tradicional.

Que é intención, previa a pertinente autorización, realizala o vindeiro sábado 16 de abril do ano que andamos.

Que a foliada prevista será como a continuación se describe:

Farémola no campo do Frondoal de Liméns. Comezaremos ás 18:00 horas con música tradicional, executada por varios grupos que se turnarán ata rematar sobre as 12:00 horas da noite. Instalaremos unha pequena carpa e no interior unha taberna para servir bebida e comida para intentar cubrir os gastos.

Comprometémonos a deixar o campo limpo ó remate das actividades.

SOLICITA: que admita a trámite esta solicitude e que por parte da institución que preside poidamos contar coa súa autorización".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda autorizar a solicitude realizada pola referida asociación.



Concello de Cangas

C) DACIÓN DE CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA S/EXPEDICIÓN DE RETIRADA DE TARXETA

Dase conta da resolución de Alcaldía de 10 de marzo de 2016 que literalmente dí:

"Visto o contido do informe da Xefatura da Policía Local de Cangas de data 14 de decembro de 2015 no que se propón:

"Que visto o informe 1769/15 do servizo nocturno e unha vez feitas as comprobacións oportunas, propónse a retirada da tarxeta (Seat Ibiza 2603 HDR) da zona peonil da que achego fotocopia ao seu titular, por considerar que non se axusta a ningún dos criterios establecidos na actual ordenanza e ademais permite o estacionamento fóra dos horarios e condicións previstas nesta sen xustificación legal prevista".

Esta Alcaldía considera que para poder resolver sobre a posible retirada da tarxeta é preciso instruír un expediente motivado no que quede xustificado que concorren as circunstancias nas que se basea a proposta formulada polo que visto o que antecede DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Iniciar expediente para a comprobación dos feitos dos que se dá conta no informe da Xefatura da Policía Local de Cangas de data 14.12.2016.

SEGUNDO.- Requirir á Xefatura da Policía Local para que proceda a remitir, no prazo de dez días, toda a documentación relacionada cos feitos descritos no seu informe para, en función do seu contido, decidir sobre a proposta de retirada de tarxeta formulada previa audiencia ao interesado.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución á Xefatura da Policía Local, advertíndolle que por tratarse dun acto de trámite contra dela non cabe a interposición de recurso ningún, sen prexuízo de que poida interpoñer o que considere axeitado."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Quedar informada do disposto na resolución de alcaldía de 10 de marzo de 2016 relativa á posible retirada de tarxeta de zona peonil.

SEGUNDO.- Unha vez recibido o expediente completo, iniciar os trámites oportunos para determinar si procede remitir á Fiscalía Provincial o sinalado no expediente.



Concello de Cangas

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente